

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 6, REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA E POLA INTERVENCION MUNICIPAL EN COMUNICACIÓN PREVIAS OU DECLARACIÓN RESPONSABLES

Artigo 1.º.–Fundamento e natureza.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ortigueira establece a taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.

Artigo 2.º.–Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica coma administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade, urbanísticas, ambientais e de seguridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou pola lexislación autonómica ou estatal para o seu normal funcionamento, ben como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento, ben como consecuencia das declaracións responsables ou comunicacións previas ao inicio de actividade ou apertura de establecementos que sexan procedentes e que deban ser obxecto de control posterior.

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación ou calquera outra alteración da actividade desenvolvida no establecemento ou instalación, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación ou reforma dos establecementos ou instalacións e calquera alteración que se leve a cabo nestes e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

d) Os traslados de locais

e) Os traspasos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación, construción ou instalación, así como as superficies, cubertas ou sen cubrir, estean ou non abertas ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

a) Se dedique ó exercicio de algunha actividade económica, empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial ou de servizos.

b) Aínda sen desenvolver as actividades anteriores, sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo: sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3.º.—Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou se desenvolva no establecemento.

Artigo 4.º.—Responsables.

1. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria e co alcance nel previsto.

Artigo 5.º.—Base imponible.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota da tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

Artigo 6.º.—Cota tributaria.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:
 - a) Comunicacións previas ou declaracións responsables que non teñan que someterse ao trámite de avaliación de incidencia ambiental: 200,00 €.
 - b) Comunicacións previas ou declaracións responsables que teñan que someterse ao trámite de avaliación de incidencia ambiental: 300,00 €.
 - c) Actividades suxeitas a licenza de apertura e/ou funcionamento: 400 €.

A estas tarifas aplicaráselles un coeficiente para obter as cotas tributarias en función da superficie construída das instalacións ou establecementos, en función da seguinte escala:

Ata 100 m² 1,00

Desde 100,01 m² ata 300 m² 1,20

Desde 300,01 m² ata 500 m² 1,50

Desde 500,01 m² ata 1000 m² 1,70

Desde 1000,01 m² ata 2000 m² 1,90

De 2000 m² en diante 2,00

f) O custo das publicacións de edictos nos boletíns oficiais, para aquelas actividades que o necesiten, serán por conta do interesado e cobraranse previamente a publicación do respectivo anuncio ou ca liquidación definitiva da taxa

2. Nos casos de traspasos, cambios de titularidade ou denominación social e variacións de actividade que non leven aparellada a realización de obras, a tarifa será de 30 €.

3. A cota tributaria aplicarase por unidade de local.

4. Cando nun establecemento ou local que pertenza a un só titular se vaia exercer máis dunha actividade industrial ou mercantil e, polo tanto, sexa necesaria a obtención de varias licenzas e o conseguinte pagamento de distintas taxas de apertura, a cota a satisfacer será a maior que corresponda, aplicándolle un recargo do 50 por cento.

5. No caso de desestimento formulado polo interesado con anterioridade á concesión da licenza, sempre que a actividade municipal xa se tivese iniciado, as cotas a liquidar serán:

– Do 20 por cento, se ten lugar no prazo dun (1) mes desde a solicitude ou presentación da declaración responsable ou comunicación previa.

– Do 50 por cento, se ten lugar con posterioridade.

Artigo 7.º.–Exencións e bonificacións.

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 8.º.–Devengo.

1. A presente taxa devéngase e nace a obriga de contribuír cando se inicia a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible.

Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da solicitude da licenza de actividade, apertura ou funcionamento ou, se for o caso, na data de presentación de comunicación previa ou declaración responsable.

2. De facerse a apertura sen ter concedida a licenza ou realizada a comunicación previa ou declaración responsable, segundo corresponda de acordo coa normativa vixente, a taxa devengarase ao iniciar a actividade municipal para determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles.

3. A obriga de contribuír non se verá afectada pola denegación da licenza solicitada, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida ou resolto o expediente, nin

tampouco naqueles casos nos que se declare a ineficacia da comunicación previa ou declaración responsable.

Artigo 9.º.–Normas de xestión.

1.–A liquidación das taxas realizarase seguindo as seguintes normas:

a) Nos supostos suxeitos a previa licenza, o interesado deberá presentar o xustificante de pagamento da autoliquidación da débeda polo importe que sexa aplicable segundo o art. 6 desta Ordenanza, xunto coa solicitude da licenza.

De non se presentar o documento xustificativo do pagamento da autoliquidación, non se procederá á tramitación da solicitude.

b) Nos supostos de comunicación previa ou declaración responsable, o interesado deberá presentar, xunto coa mesma, xustificante de pagamento da autoliquidación do importe da taxa segundo a tarifa que corresponda á vista do art. 6 desta Ordenanza. De non ser así, a Administración practicará a liquidación unha vez rematados os labores de comprobación administrativa, pola vía de constriximento.

c) Nos supostos de comunicación de cambios de titularidade, deberase presentar, xunto coa solicitude ou comunicación, xustificante do pagamento da autoliquidación da taxa correspondente.

2.–Cando a Administración local teña coñecemento da realización dunha actividade ou da apertura dun establecemento que estea suxeita a licenza ou comunicación previa ou declaración responsable, sen terse producido a solicitude ou comunicación ao Concello, procederá de oficio ao inicio, de xeito automático, do correspondente procedemento de comprobación tributaria – sexa de xestión ou de inspección-, que será simultáneo ao expediente que se tramite para a verificación do cumprimento das condicións que a normativa sectorial aplicable esixa para o efecto

3.–Os pagamentos de autoliquidación terá o carácter de provisional e será a conta da liquidación definitiva, no caso de que proceda.

Artigo 10.º.–Recadación.

1.–Os modelos oficiais de autoliquidación serán aprobados por resolución da Alcaldía. Os interesados poderán solicitar a colaboración das unidades administrativas do Concello para a súa cumprimentación.

2.–Nos supostos de liquidación practicada pola Administración Tributaria municipal, unha vez practicada e aprobada, notificarase consonte ao previsto no art. 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e o seu ingreso deberá efectuarse nos prazos sinalados no art. 62.2 da mesma Lei para as débedas liquidadas pola Administración e notificadas directamente aos suxeitos pasivos.

3.–As débedas non ingresadas no período voluntario, serán esixibles pola vía de constriximento. A tal efecto, entenderase que a presentación dunha solicitude de licenza de apertura, comunicación previa ou declaración responsable sen terse efectuado a presentación e o ingreso

da autoliquidación correspondente á taxa pola tramitación do expediente, cando esta resulte esixida segundo as normas do artigo anterior, orixinará o inicio do período executivo, consonte ao previsto no art. 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, salvo que sexan aplicables os recargos do art. 27 da mesma Lei por se presentar o xustificante de pagamento da autoliquidación antes de que se reciba comunicación formal do inicio do período executivo.

4.–Nos supostos de licenzas de apertura nos que, ao tempo de se presentaren as solicitudes, non se acompañara o xustificante do pagamento da autoliquidación correspondente, non se procederá á continuación do expediente até que se xustifique o pagamento das taxas, sen prexuízo do exposto no parágrafo anterior.

Artigo 11.º.–Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior ordenanza fiscal número 6 reguladora da taxa por licenza por apertura de establecementos e o apartado 11 do epígrafe 2 da Ordenanza fiscal número 22, reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.